ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
IE23012

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Economía política e estabilidade orzamentaria

CONVOCATORIA: Curso monográfico Economía política e estabilidade orzamentaria

GRUPO: Economía Pública (Cursos Superiores e Xornadas)

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	12
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2023
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	C.MONOGRÁFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 30/03/2023 - 09:00h ao 03/04/2023 - 23:59h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A presente actividade ten como obxectivo principal estudar e analizar os conceptos básicos sobre as políticas públicas relacionadas co principio de estabilidade orzamentaria.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional; da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia, que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

• Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
• Grupos I e II do persoal laboral.

Exceptúase o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde. Non se entende por tal o persoal empregado público da escala de saúde pública e Administración sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Neste curso monográfico abordaranse, entre outros, os seguintes contidos:
• A estabilidade orzamentaria: conceptos.
• A estabilidade orzamentaria no debate das ideas económicas. Secuencia histórica.
• As contas públicas e os obxectivos da política económica.
• O gran debate sobre as regras: regras mellor que discrecionalidade?
• As regras e a Eurozona.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS
1. As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección <https://egap.xunta.gal/matricula>. 2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula. 3. As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar no nome do curso: Curso monográfico Economía política e estabilidade orzamentaria. 4. Aquelas persoas solicitantes que non pertenzan á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás súas entidades públicas instrumentais deberán achegar ao enderezo electrónico <novas.egap@xunta.gal> a documentación acreditativa do grupo ou subgrupo profesional ao que pertencen. A non presentación desta documentación no prazo de matrícula establecido na convocatoria suporá a exclusión da persoa solicitante.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO			
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 10/04/2023 a 18/04/2023	
NUM. PRAZAS: 40	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)		**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS			
XOSE CARLOS ARIAS MOREIRA			
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME			
AULA 1 (COLMEIRO): Os días 10, 11, 17 e 18 de abril de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA			